


memoria, arqueología. Campinas (Brasil): Editora Alínea. 326 pp. ISBN 978-85-7516-792-2 (Edición en lingua castelá con Prefacio de Antón Costa).

Edición en lingua castelá on line:

https://www.amazon.com/Escuela-como-Cultura-experiencia-arqueolog%C3%ADa-ebook/dp/B06Y1TXK7W/ref=sr_1_1?s=b ooks&ie=UTF8&qid=1493379179&sr=1-1#reader_B06Y1TXK7W

Xosé M. MALHEIRO GUTIÉRREZ
UDC



ÁLVARIZ DOMÍNGUEZ, P. (Coord.) (2016). *Los Museos Pedagógicos en España. Entre la memoria y la creatividad*. Gijón: Trea.

A obra coordinada por parte do pedagogo e historiador da educación Pablo Álvarez Domínguez desde a Universidade de Sevilla e recentemente coeditada coa

colaboración da Sociedade Española para o Estudo do Patrimonio Histórico Educativo (SEPHE), permítenos realizar unha suxestiva viaxe entre realidades pasadas, presentes e expectativas futuras, referidas aos diversos Museos Pedagóxicos existentes no estado español.

Pode ser conveniente sinalar que na lonxana data de 1882 abría as súas portas o Museo Pedagóxico Nacional en Madrid, daquela pensado como unha institución que podía presentar os avances da educación en diversos lugares do mundo e singularmente nos países europeos considerados máis avanzados. Como tal e ata a fin da II República este Museo Pedagóxico tivo unha incidencia notable na renovación educativa española, converténdose nun lugar de case necesaria visita por parte dos ensinantes que desde diversos puntos da xeografía española viaxaban a Madrid por algunha circunstancia profesional.

Durante o franquismo non se contou cunha institución con similar cometido, pero nos últimos anos do século XX, seguindo unha práctica estendida por Alemaña e outros países europeos e da man da renovación historiográfica que deu realce ao estudo do patrimonio escolar, dos currículos e das mediacións que fan posible a acción escolar (recursos técnicos, libros de texto, materiais didácticos de ampla gama, cadernos escolares...), puxéronse en marcha diversas iniciativas ligadas ao estudo da historia da educación en diversos lugares da xeografía española, entre elas o MUPEGA, así como unha rede académica de estudo.

Iniciativas das que se fala neste volume que aquí presentamos. En cada un dos dezasete capítulos nos que se estrutura,

recoñecidos profesionais do estudo do patrimonio histórico-educativo e do museísmo pedagóxico poñen de manifesto os múltiples esforzos e ilusións depositados no estudo e valorización do patrimonio educativo, deténdose na caracterización e particularidades dos diversos museos da educación seleccionados para esta publicación. Entre eles cómpre destacar aquí o capítulo destinado ao Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), que emerxe neste percorrido xunto con outros espazos e experiencias como o Museo Pedagóxico da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Sevilla; o Museo Pedagóxico da Universidade de Huelva; o Museo Pedagóxico de Aragón; o Centro de Recursos, Interpretación e Estudos da Escola (Cantabria); o Museo do Neno (Castela A Mancha); o Centro Internacional da Cultura Escolar (Berlanga de Duero, Castela e León); o Centro Museo Pedagóxico da Universidade de Salamanca, situado en Zamora; o Museo Pedagóxico de Otones de Benjumea (Segovia); o Museo Universitario Virtual de Pedagogía da Universidade de Vic; o Museo/Laboratorio de Historia da Educación Manuel Bartolomé Cossío (Madrid); o Museo Virtual de Historia da Educación e o Centro de Estudos sobre a Memoria Educativa da Universidade de Murcia; o Seminari-Museu d'Història de l'Escola (Valencia); o Arxiu i Musei de l'Educació de les Illes Balears; o Museo da Educación da Universidade de La Laguna; e o Museo da Educación da Universidade de País Vasco.

Como se sinala na propia presentación do texto, mediante este libro preténdese: evidenciar que tanto este ámbito de investigación/musealización como os museos da educación existentes en España resultan punteiros e referentes para o

desenvolvemento doutros proxectos desta índole; dar a coñecer o amplo número de proxectos museístico-pedagóxicos existentes en España, así como as súas extensas potencialidades didácticas; e reunir nunha única obra de carácter colectivo as principais características, accións, propostas e experiencias vinculadas aos museos de educación presentados.

Un volume precedido por diversos textos de Actas editadas con ocasión das periódicas Xornadas Científicas convocadas pola Sociedade para o Estudo do Patrimonio Histórico-Educativo e mesmo polo dirixido polo profesor J. Ruíz Berrio: El patrimonio histórico-educativo: su conservación y estudio (Madrid, 2010). Con Los Museos Pedagógicos en España podemos ter un adecuado acceso a unha magnífica mostra da riqueza patrimonial e educativa coa que contamos “a través duns museos da educación que historicamente foron capaces de ir debaténdose de maneira progresiva entre a memoria e a creatividade” (Álvarez Domínguez, 2016:20).

Uxía BOLAÑO AMIGO
USC